



IAAR



XULIÁN M. MAGARIÑOS NEGREIRA

O Filósofo de Tamarica

30 CÉNTIMOS



CAMILLO DIAZ

L A R

leva publicados os seguintes números:

- A miña muller**, por W. Fernández Flórez.
O Anarquista, por Leandro Pita Romero
O Pastor de D.^a Silvia, por Aurelio Ribalta.
Naiciña, por Leandro Carré Alvarells.
Os probes de Deus, por L. Amado Carballo.
Martes d' Antroido, por Francisca Herrera
Antón Piruleiro, por Jesús F. González.
Pantelas, home libre, por R. Otero Pedrayo
A terra chama, por Uxío Carré Aldao
O lobo da xente, por Vicente Risco.
Buserana, por Gonzalo López Abente.
A dona das torres, por Anxel del Castillo.
Ana María, por Xuan Xesús González.
A propia vida, por Leandro Carré Alvarells.
Cabalgadas en Salmés, por F. Bouza Brey.
Anxèlica, por Florencio Vaamonde.
Manecho o da rúa, por Xosé Lesta Meis.
O kalivera 30 H. P. por Xulián M. Magariños.
O Consentimento, por Luis G. Vicencio.
Desengano, por Xan Pla Zubirí.
O home que deu vida a un morto, por L. Carré.
A Coutada, por Vicente Risco.
Xelo, O Salvaxe, por Felipe F. Armesto
O Karma de Farruco Filgueira, por A. Romero
A filla da patrona, por Xuan Xesús González.
Fuxidos... por Gonzalo López Abente,
O filósofo de Tamarica, por X. M. Magariños.

NÚMERO SOLTO TRINTA CÉNTIMOS

* Suscripción á 6 números 1'60 Ptas. *

Administración e Imprenta: Real, 36 - 1.º A CRUÑA

L A R

REVISTA MENSUAL

DIREITOR: LEANDRO CARRÉ

ADMINISTRADOR: ANXEL CASAL

Ano 3

Novembre de 1926

Núm. 27

O filósofo de Tamarica

NOVELA ORIXINAL E INÉDITA

P O R

Xulio M. Magariños Negreira

101

(Portada de CAMILO DÍAZ)



LIBRERIA
VIGO

IMPRENTA LAR

Real, 36 - 1.º

A CRUNA

R 13964



C



olla

U
o sc
a i-



O filósofo de Tamarica

1



IBRÁN Teixido, con ática eleganza, arredou a fuxeira da cachola do parroquiano, e seguiu cortando no ar, facéndoa repinicar artísticamente.

- Vaia un tempiño, eh? - dixo voltando á cortar nos cabelos.

- Sí, hom! - falou o parroquiano namentras se ollaba no espello que tiña diante.

- Está tremendo!

- Non se pode sair da casa.

- Nin na casa se está ben, pol-o frío que fai.

- O remedio está no lume.

- Iso cando hai que queimar.

- Leña non falla.

- O piquér é atopala enxoita.

- Certamente; a i-auga molla todo.

Un novo parroquiano entrou na barbeiría. Sacou o sombreiro e deu uns couces no chan, pra sacudir a i-auga.

- Qué tempo! - dixo.

- Me non lembro de outro inverno coma iste

- atendeu Cibrán, repenicando outra vez coas fuxeiras no ar.

- Non sei que vai ser de nós!

A chuvia caía con forza nas pedras da rúa. O vento asuviaba nos aramios. A xente non saía das casas. En toda a vila, se non falaba mais que do mal tempo.

O mestre barbeiro, deixou as fuxeiras, arredou do pescozo do parroquiano o pano branco, sacudeu os cabelos e voltouno a por como estaba.

- E logo, - dixo por dicir algo - que novas hai por ahí?

- O de sempre. Choiva, frío, faladurías...

- Qué conta Chinto de Pedralonga?

- Fala mal de tí, coma decotío.

- Me non estrana. Ten unha língoa e uns dentes mais afiados que os d'unha cobra.

- Tan bos son os que lle dan creto, e lle escoitan as suas parvadas.

- Tamén é certo.

- Pois pol-o visto, onte contoulle a meu cuñado namentras o afeitaba, que tí mercabas de segunda man as navallas da barba.

- Qué argalleiro!

- Cando ten aquilo cheo de xente, non fai mais que falar mal de tí e dos teus parroquianos.

- Xa o sei. Mais eu non marmuro d'él, porque lle teño lástima. Abóndame con dispresialo.

- E por qué che ten tanta tirria?

- Pol-a envexa de ollar que a miña barbeiría ven todo o mellor de Tamarica, e a d'él non vai mais que xente inculca e probe.

- Non é merescete d'outra cousa.

- Se fixera por traballar, e por ganar un cacho de pan que lle meter na boca aos fillos, mellor lle fora.

- Sí; xa ouvín que vivían malamente.

- Con decirlle a vostede que comen o caldo sin unto...

- Vaia todo por Deus!

- O que a min me enrabecha, é que por riba de ser tan probe, se adique a marmurar.

- Todo iso faino a incultura.

En Tamarica había dous bandos que aínda sin ter orentazón política nin ideoloxía relixiosa, levábanse tan mal como si a tiveran. Os d'unha banda - aristócratas, poidéramos chamarlle si creeramos na aristocracia - eran parroquianos de Cibrán Teixido, o Vinculeiro, home culto e sabidor, cal o proba o feito de lêr cáxeque todol-os días o xornal e de falar en castelán cós forasteiros; os da outra, - burguesía e crás baixa, sin límites definidos - cando se precisaban afeitar ou arrombar o cabelo, ían á barbería de Chinto de Pedralonga.

Uns e outros, tiñan un órgano periodístico común. «A voz de Tamarica» era un orixinal semanario que se publicaba as vegadas que o Director coidaba comenente. Compúñase de dúas follas: unha e meia era adicada a anuncios, e a llana restante a plasmar os intereses de Tamarica en artigos insultantes con que un parroquiano de Chinto de Pedralonga frorea- ba a outro do Vinculeiro e viceversa.

Ao Director, que era un escolante, íalleben cõ choio do periódico. Cando un tamarico quería alcumar a outro, ou descubrirille segredos, escribía un artigo e mandábao a «A voz de Tamarica» con un billete de cinco pesos dentro. Como o Director non agardaba a publicar o semanario, mais que a que houbese orixinal, decontado chegaba ás mans do insultado o artigo de referencia. Entón cheo de carraxe, mandaba percurar un cadernelo de papel de barba e escribía outro artigo contra o autor do primeiro; e metén- dolle cinco pesos (en billete pra que non bultasen)

dentro, mandábo a «A voz de Tamarica». E así sucesivamente.

Na rebotica do Licenciado D. Pedro Salgueiro, arrecadábase todas as serans a prana maior de Tamarica. Era un cabán pequeno, atestado de botellas e de caixas. Había unha mesa grande, onde os contertulios xogaban e tomaban café, e outra pequena acugulada de xornaes, revistas e libros. Cravado na parede, achábase un estante, coas obras completas de Xulio Verne, elegantemente encadernadas. Do teito penduraba un barco de vela, todo luxado das moscas. Adoitábase xogar un tute, marmurábase un pouco e ás vegadas, facía o Notario xogos de prestidixitazón nos que era moi perito. Sí non se adevertían moito, polo menos pasaban o tempo.

Aquél anoitecer, como decotío, seguían os contertulios do boticario unha interesante partida de tute, cando entrou moi foncho e derado o Rexistrador.

- Señores - dixo - hoxe é día de ledicia pra Tamarica. Por fin, fíxose xustiza.

- Entón?

- D. Pedancio foi nomeado sabio de número da «Sociedade Internacional de Filósofos e Profundadores».

- Lédomo ben! D. Pedancio é meresciente d'íso e de moito mais - sentenciou o Xuez.

- É o primeiro filósofo da raza branca. - dixo o Licenciado Salgueiro.

- Temos que o ir felicitar, - seguiu o Rexistrador.

- Sí, sí, hai que ir mañán a primeira hora.

- Cádralle de baraxar a vostede, D. Andrés, - falou D. Manoel o indiano que non entendía de filosofías.

E seguiu a partida.

II

D. Pedancio Casanova, era un home forte coma un carballo, calvo, e de longas barbas grises.

Vivía n-unha casa fidalga da vila, en compañía d'unha sobriña e de duas irmans, solteira unha e viuda a outra.

D. Pedancio levaba a vida tranquila e retirada d'un pensador xermánico. Un libro que él estimaba moito tidoado «Os filósofos e as suas vidas íntimas» puxé-rao ao corrente dos segredos e costumes dos grandes coidadores mundiaes, e il pra non ser menos asenllaba imitalos. Sortía pouco da casa porque o seu intenso traballo inteleitual lle non deixaba tempo pra se adicar â vida perguiceira dos mais tamaricos. Il era o senlleiro que se non achaba afiliado a ningún partido vilego. Como era calvo e se deixaba a barba, non precisaba de ningún barbeiro, e d'eiquí que se levase ben con todos. Alguns domingos arrecadaba no sobrado da sua casa fidalga, os seus mellores amigos, e os parentes d'íles, e faguian reunions a estilo fin de século. E istas horas que pasaba parolando cós seus vellos admiradores, era o lecer que lle daba âs suas fortes potencias creadoras.

D. Pedancio Casanova, era un filósofo coñecido e admirado en cáxeque todo o mundo. A sona do seu saber, resoaba en total-as esferas centífecas. Endexamais escribira ren, pero, en troques, estaba perparando unha obra de filosofía analítica tidoada «Consustanciación filosófica do pensamento humán» que pôria en ridículo, e faría desbotar como iñoran-

tes a Kant, Hegel, Krause e outros deica entón considerados como grandes pensadores.

Os xornaes e revistas faloron d'il como se fala d'un home consagrado, pouco menos que d'un xeniño. Publicaron o seu retrato a dúas tintas, e adicáronlle longas restas de adxetivos e advervios encomiásticos. Houbo un crítico severo que lle atopou unha chata, que era a de non ter escrito ren. Pero iso en nada escurecía o sua sona de fondo pensador.

O seu nomeamento de sabio de número da Sociedade Internacional de Filósofos e Profundadores, era agardado dende facía tempo, pol-os seus ademiradores. Tiñase nova de que alguns envexosos trataban de o desprestixiar asegurando que era un home sin méritos e sin coñecimentos. Pero aquilo non poido facer mella no creto de un dos valores mais recoñecidos da raza branca. E unha vez mais trunfou a xustiza.

O xuntoiro da rebotica do Licenciado Salgueiro, acordou por unanimidade, cõ gallo d'iste acontecemento, faguer algo en gabanza do ilustrado Casanova, gloria de Tamarica e dos seus aledanos.

O Xuez opinou que se debía facer un album, e n-il estampar as suas firmas todol-os ademiradores do filósofo. Aquilo non gorentou gran cousa. Don Xosé Rodríguez, moi entendido en música i-entusiasta adorador do arte de Antonio del Pozo (a) Mochuelo, aconsellou que o mellor era compôr un himno, con letra alusiva e cantalo o pobo en masa unha noite de lúa â porta do homeaxeado. Outras proposicions se fixeron sin acadar entusiasmo. A que mellor soupo converxer os degaros de todos, foi a do Notario de facer unha velada de honor.

O outro día chegou a Tamarica un redaitor de «Berros de loita» disposto a facer unha boa informa-

zón encol do ilustre sabio. Dirixiuse á sua casa, e petou á porta. Saiu a abrir unha irmán.

- D. Pedancio Casanova?

- Estalle no despacho Pase eiquí a sá, que o vou avisar.

- Nada d'íso. Son periodista, e quero sorprendelo descuidado no seu traballo pra facer unha interesante descriçón dos seus costumes no intre das elucubrations filosóficas. Cara onde cai o seu despacho?

- Ali, n-aquela primeira porta.

O redactor de «Berros de loita» abreu a porta paseñamente e ollou pra dentro. Sentado pé d'unha táboa, arrodeado de libros, acougaba o filósofo. Non se deu conta da presenza do periodista, porque se achaba ensimismado ollando pol-a fenestra pra fora.

- Interessante! Interessante! - ouviu decir dende a porta - O sabio forxa ideias!

- Quén é vostede? - preguntou meio enfurruñado, erguéndose.

O periodista esculcou na carteira e deulle unha tarxeta. D. Pedancio leíu: «O Cabaleiro da Rosa Branca no Peito (Xosé Pérez) Director, redactor xeñe e propietario de «Berros de loita», rotativo do medio-día».

- Perdóeme, ademirado sabio, a manzira norteamericana de me presentar. Son periodista da nova escola.

- É que me non gusta que me interrompan cando traballo. Agora cando vostede entrou, descansaba, porque hoxe fixen unha laboura moi intensa e fiña a testa coma unha gaiola de grilos. Mais acougue e séntese.

- Gracias, querido filósofo. Espricareille a miña presenza eiquí. Enterado do seu trunfo, e sabidor do interés que teñen as suas manifestazons pros lectores

do meu periódico, quixen sel-o primeiro que as recibise dos seus beizos. Celebrarei con vostede unha «interview» e tirareille unha caricatura simbólica.

- Estou á sua disposición.

- Descando data a sua afeizón filosófica? - preguntou o periodista, dispóndose a escribir nun papel que tiña diante.

- Dende moi neno. Os grandes conceptos do pensamento interesáronme decote. Namentral-os meus compañeiros lían os contos de Calleja, eu embebíame no «Die Welt als Wille und Vorstellung» (O mundo considerado como vontade e sensación) de Schopenhauer, que mais adiante había de marcar tan fonda influencia no vieiro dos meus pensamentos.

- Interessante! Interessante!

- Moitas mais cousas podería decir encol da miña mocidade, pero a modestia impídeme.

- Fale, fale, serei discreto.

- Tendo doce anos, maxinei unha teoría sobor do movemento e decidinme a escribir un libro.

- I-escribeuno?

- Non, porque me desazoei. Enxerguei que a un rapaz do meu tempo, ninguén lle faría caso.

- Qué lástima! Pódeme contar unha anéidota dos seus primeiros tempos?

- Contareille unha moi interesante. A min de neno, gorentábanme moito os figos. Unha miña tía tiña unha figueira grande e fermosa, tan carregada d'eles que as ponlas lle baixaban cáxeque deica o chan. Moito teño degoirado ollando cara ela! Unha serán fun á sua casa a levarlle un recado da miña nai. Tanto lle falei da figueira, que ela enxergou o anxeio que eu tiña de me fartar de figos, e díxome que rubise a cima e que manxase todol-os que quixera. Non parei hasira que me atopei no curuto que era onde se achaban os mais maduros. Era a hora do

Sol-por. O ceo azul, fundíase cō verde escuro dos montes. A Natureza coa súa sereidade maxestuosa, inzou as miñas potencias de calada e fonda admiración. Púxenme a coidar... e o tempo foise. Cando voltei á realidade era cāxeque noite. Ouív que miña tía me chamaba, e baixei sin probar os figos.

- Interessante! Interessante! Qué prepara vostede agora?

- Axiña escomenzarei a miña obra clave, que ha de pasmar ao mundo pol-a súa profundidade. «Consustanciación filosófica do pensamento humán», será a revelación de total-as miñas teorías.

- Logo, aínda a non escomenzou?

- Non. Deica que non teña o meu sistema filosófico rematado non penso collee-a pruma. Agora adícome a coidar. Fai catorce anos que penso.

- A qué filósofo sigue?

- A ningún. Maxino que están todos trabucados.

- Teño entendido que vostede non está pol-a literatura.

- Non; coido que é unha forma patolóxica do pensamento e agardo demostralo na miña obra. A literatura é a segregazón inteleitual de miolos anormaes.

- Co-isto xa teño dabondo pra faguer un artigo interesante

- Esquécelle unha pregunta interesante.

- Cál?

- O grandor do meu próisimo libro.

- Certamente! E cal será?

- Oitavo maior.

- Ben. Falla a caricatura. Mais non sei si será mellor que me vaia agora e que volte dimpois. Sempre leva algún tempo, e como é a hora de xantar...

- Alá vostede. Si me quere acompañar a facelo...

- Xa que vostede se empeña, ficarei logo.

A velada en honor do ilustre filósofo e pensador don Pedancio Casanova, trouxo á Tamarica grandes complicacions. A comisión nomeada na rebotica do Licenciado Salgueiro, deu escomenzo axiña ás súas xestións orgaizadoras. Determinárase levar á escea un drama hestórico en verso, orixinal de D. Robustiano de Gómez e Fernández, aristócrata e Recaudador de contribucions: «As verbas de D. Sancho ou A fenestra do castelo». A comisión atopouse con un grande incomenente. Fallaba xente á quen axudicarlle os papeis do drama. Díxoselle á D. Robustiano que fixese o favor de suprimir unhas cantas azafatas, pero il, co-ise xesto sereo e dino, tan propio dos nobres asegurou que prefería que o drama ficase inédito á chiscarile á un cabelo de calquera dos persoaxes. Era preciso recurrir aos parroquians de Chinto de Pedralonga. Alguns aconsellaban desistir da velada ou darlle outro senso. Mais o Rexistrador que lle debía unhas pesetas á D. Robustiano, tiña interés en congraciarse co-íl representándolle a obra, e traballaba por conquistar a vontade dos compañeiros.

- Á forza hai que representar o drama de don Robustiano. A parte de se tratar de un dramaturgo veciño, hai outra razón particular que o eisixe.

- O noso ouxelivo e festexar á D. Pedancio Casanova, sexa de unha maneira ou de outra - decía o Notario.

- Precisamente d'íl se trata.

- E logo?

- Díxome segredamente a min, que tiña interés en que a súa sobriña fixese o papel de raíña no drama.

- Entón nin unha verba mais. Hai que representar «As verbas de D. Sancho» por riba de todo.

Dimpois de grandes triquineneias, repartíronse os papeis. O interés de todos era non ter que botar man dos seus inimigos. Precisamente en aras de este interés, encargouse do papel de D. Sancho, o aristocrático Recaudador de contribucións, autor da peza dramática en cuestión, D. Robustiano de Gómez e Fernández. Os persoaxes masculinos foron encarnando en diferentes tamaricos, parroquians todos da barbeiria de Cibrán Teixido o Vinculeiro, mais en troques os femeninos, por moito que se esculcou, se non achou a quen lle adxudicar dous empregos de azafatas da raíña. Non houbo, pois, mais remedio que dirixir os ollos ao bando contrario. E os ollos de todos espertáronse nas dúas fillas de Pepe o Coireiro, mozas garridas, e cicail-as máis elegantes da vila, pois o pai, choieiro rico, endexamais reparou en gastos, con tal de que as rapazas campasen. E alá se foron unhas cantas amigas das fillas a pedirlle ao pai que as deixase rubir ao escenario. Lle non gustaba grande cousa á iste, o transixir cós seus inimigos, pero por outra banda, gorentábaile tamén que as súas fillas alternasen. Por fin, deu o permiso. As dúas novas aítrices, recolleron os papeis de azafatas da raíña e leváronos á casa prós estudar.

Tres días dimpois, apareceu en «A voz de Tamarica» un artigo de Pepe o Coireiro dirixido escontra da Comisión orgaizadora onde se espresaba d'iste xeito:

«Quero pôr en coñecimento de certas persoas, que pol-o d'agora, non teñen as miñas fillas necesidade de ser criadas de ninguén, nin no teatro, nin fora

d'íl. Seu pai ten d'abondo pr'âs ter de señoritas e que lle dar de xantar sen andar langreando d'unha casa n'outra, e pidindo cartos emprestados eiquí e alí, coma certos individuos d'esta vila, que agora tratan de orgaizar unha velada (refirome ao Rexistrador que debe hastra o traxe que viste, pois aínda lle non pagou a feitura á meu curmán Bieito, e ao Notario que desbalixa á cantos entran no seu despacho).

•Eu non son parvo pra non enxergal-as cousas. Cando se tratou de que as miñas rapazas traballasen n'isa velada xa me dixo a miña Manoela; ándate con ollo que che han querer facer unha mala xogada. E vaia se querían! Pero eu son moi lagarto. Estábache boa que as miñas fillas fosen de criadas da Sobriña de D. Pedancio! Se él é filósofo, como dín, eu son coireiro, e teño, madia fora, mais cartos ca il.

O artigo era moi longo, e n'íl Pepe o Coireiro, por cinco pesos que tivera que pagar ao Director de •A voz de Tamarica•, dábase a satisfaição de dicir unhas cantas verdades e de demostrar que nas suas uchas había moito diñeiro e que d'íl ninguén se fruslaba.

Aos poucos días, respondeulle con outro artigo no mesmo semanario, o Rexistrador. Decíalle que il, na Universidade, levara Matrículas de Honor en Dereito Romano e Canónico; que a sua nai era afillada de un xeneral de brigada, e que si o Coireiro tiña cartos, il, en troques, estaba emparentado con xente de rumbo; engadía que non precisaban de xente ñorante e plebeia pra lle facer unha velada solemne ao ilustre filósofo de Tamarica e finaba amiazándoo con lle matar á croiazos as galiñas que lle entrasen na sua horta.

Secuencia d'ista polémica, foi o fracaso de levar á

escea o drama hestórico «As verbas de D. Sancho ou a fenestra do castelo».

Como adoitaba á facelo xuntouse a comisión organizadora na rebotica do Licenciado Salgueiro, mais en vez de xogar ao tute, adicouse á discutilo xeito que se lle había dare á velada. Discutiuse sete noites, sin chegar á un acordo. Por fin, á oitava, empretease o programa. Tiráronse dúcia e meia de copias á máquina, pra repartir entr'as familias aristócratas de Tamarica, e fixo unha con letra gótica moi emperifollada pra D. Pedancio, o oficial primeiro do Concello. Decía:

VELADA DE HONOR QUE O POBO DE TAMARICA, ADICA A D. PEDANCIO CASANOVA, PROFUNDO FILÓSOFO, GRORIA DA RAZA BRANCA

Primeira parte

Discurso de ofrecimento, pol-o Rexistador, don Daniel Barreiro.

E lucevan le stelle, de Tosca (Puccini) pol-o tenor local Sr. Bergueiro.

La canción del pirata (Espronceda), poesía recitada en castelán por D. Robustiano de Gómez e Fernández.

Xogos de prestidixitación, pol-o Sr. Notario d'essa vila.

Segunda parte

A D. Pedancio, poesía orixinal da escolante doña Mercedes Louzán, recitada pol-a autora.

Nota: Préganse aprausos, por se tratar d'unha muller.

Escea do sofá, do drama D. Xan Tenorio, por dous afeizoados.

Cantos flamencos, por Antonio del Pozo (a) Mochuelo (fonógrafo de D. Xosé Rodríguez).

A peste porcina, conferencia que o probo veterinario D. Venancio Touris, adica á D. Pedancio Casanova.

* *
*

A velada non puido resultar mellor. Foi unha festa de arte que deixou satisfeitos hastra aos espíritos máis refinados. Os parroquianos de Chinto de Pedralonga non deron berros nin couces, porque non deixaron entrar á ningún. O homenaxeado ocougaba no meio do Xuez e do Licenciado Salgueiro, no canto de honor. O pobo culto de Tamarica, deu unha proba máis do seu temperamento artístico.

Todo resultou moi ben, pero o que máis gorentou ao público, foi o canto flamenco. D. Xesús Rodríguez, estaba que non cabía en si de ledicia. O seu admirado cantador, endexamais conqueriu un éisito tan xurdio como aquela noite en Tamarica. Tanto foi así, que un disco, houbo que repetil-o tres veces.

Don Pedancio Casanova, o gran filósofo e pensador, foi trasladado á súa casa en frós dos seus admiradores.

IV

Cando o automóvil de liña, que puña en contaito á vila de Tamarica cō resto do mundo, unha mole marela, chea de lorda i-esmagullada por todol-os cantos, deixou ouvir unha xorda trepidación, semellante ao acorar d'un boi tafegueiro, os tamaricos que se achaban folgando – que eran cáxeque todos – endereitáronse á Praza da Constitución onde aquíl paraba.

Á chegada do automóvil, era o espeitago púbrico que atraguía mais xente, quizais por sere de valde.

Aquel día acuciou a curiosidá dos tamaricos papaleïsons, un viaxeiro que viña na dianteira vestido de tolle-pô cōr cirigüela, e cun frexe nos xionllos. Desceu con un aquél de garbo e eleganza que gorentaba. Era un mozo lanzal, outo, de cabelo longo virado pra atrais e de faciana espresiva. Sóbor do narís, cangaba uns antiollos de cereitos mouros, que o caracterizaban de inteleitual, e andaba tan botado pra atrais, que a liña do seu ollar e a do seu corpo, facían un ángulo obtuso.

Preguntou pol-o mellor hotel, e ducírono á cas do Zoqueiro, en cuia porta campaba un letreiro: «H. Europa». E aló se foi cō frexe n'unha man e co tolle-pô cōr cirigüela na outra.

Axiña se fixo amigo dos hóspedes do H. Europa. Dimpois de xantar, xogou unha partida de dominó cō Telegrafista, e á noite foi presentado no xuntoiro da rebotica do Licenciado Salgueiro. De contado conquistou as simpatías de todol-os conferiulios. Era

falador e ledó; contaba contos que facían esboirar de risa e soupo loubar e ademirar a mestría do Notario, cando coa baraxa estendida na mesa, adiviñou a caria en que aquil inaxinara.

Dous días dimpois, levouno o Rexistrador á unha reunión á casa de D. Pedancio Casanova. Alí coñeceu o gran filósofo e sópouse rendir á súa sona de celebridade mundial.

- Así que vostede é novelista, non sí?

- É verdá, sí señor.

- Virá disposto á acougar do seu traballo.

- Todo o contrario. Veño disposto á traballar quizais mais aínda do que traballaba aló en Madri.

- Fuxiríalle ao barullo.

- Non é iso precisamente o que eiquí me trouxo, senon o anxeio de vivir iste ambiente pra logo facer unha novela sóbor d'íl.

- Ah!

- Por certo o atopo moi interesante.

N'aquíl intre chegou o aristócrata Recaudador de contribucions. Presentáronlle ao forasteiro:

- Don Galo Penedo, novelista.

- Don Robustiano de Gómez, Recaudador e dramaturgo.

- Ten moitas obras? - preguntou íste.

- Trinta e duas. Coñece voslede algunha?

- Algunha, paréceme que sí, anque agora non relembro...

- Seguramente coñecerá «Ti dicíame que sí...» que foi a que maior número de edicions acadou.

- Iso é. Por certo que me gustou moito.

D. Robustiano na súa vida ouvira falar do novelista, mais por aquilo de ficar ben, asegurou que era un dos seus meirandes ademiradores.

- Un bô novelista coma vostede - dixo o Rexis-

trador - debe de sacar moitos cartos da venda das novelas, porque hoxe en día lêse moito.

- Regular, regular; emporiso, mais que a venda de libros dá o reparto de persoaxes.

- Cómo o reparto de persoaxes? - inquiriu don Pedancio.

- Coído que en Tamarica - respostou Galo Peneda - iñóranse os procedimentos madrileños. Cando un novelista de sona, quer facer unha novela, publica nun xornal o argumento. Ao outro día, persóan-selle na súa casa, marqueses, duques, condes, ou sinxelamente persoas de moito diñeiro. Dille un: eu quero encarnar tal persoaxe da súa próxima novela. Cánto custa? Tanto - dille o novelista. Ahí está - e págalle. Dimpois o escritor, estuda detidamente o xeito de falar do interesado, os seus xestos, a maneira de vestir, o tipo e en fin, todo o que poida caracterizar, e describeo na novela. Alguns pra mais craridade, pón ao remate: «Lista dos persoaxes de esta obra e persoas en que o autor se inspirou».

Chegou un faío de rapazas novas ao cabán dispostas á facer trunfar a ledicia. Os mozos secundáronas. Galo Penedo, foi presentado á todos. Os seus ollos mouros, craváronse nos azúes de Margarida, a sobriña do filósofo, con toda ademirazón. Sóbor de todos tiña ela o atraíivo do seu doce ollar ensonador, e o seu aquel de inxenuidade.

Entre a xente nova, trunfou, tamén, o novelista. Pra total-as rapazas tiveron os seus labres unha gasalleira galanteiría con que loubar a belidez, o benser, ou a elegancia que atesouraban. Todol-os mozos recibiron a mostra da súa simpatía. Descasí, o fito das súas mais inxenuas eispresions e das súas verbas mais rendidas, foi a xentil Margarida, que as sentía chegar aos seus ouvidos acompañadas de música velaíña, que lle rebuldaba no peito.

Dimpois de parolar longamente bailouse.

Tocáronse n'aquel vello piano de técolas marelas, que acougaba na testeira da sã, gavotas dezaoitecas, vals ramplons de Waldteufel, e algun que outro hipocondriaco tango.

Don Xaquín, aquel fidalgo segundón, de alritados bigotes grises, con catro cabelos que lle fan de un á outro parieital, loitaba por dirixir un rigodón, pero a xente moza estaba mais pol-as apretas coreográficas, que pol-as artísticas danzas oitocentistas.

Foi moi agradabel para todos a xuntanza d'aquela noite. Na hora da despedida, cando todo era barullo e algareo, Galo Penedo, debullou nos ouvidos de Margarida os seus mais armoñosos madrigaes. Ela avermellouse un pouco e agradeceu c'unha ollada chea de sentimento, aquelas verbas tan doces coma novas.

V

Ao outro día, D. Robustiano foi ao H. Europa á visitar á Galo Penedo. Cando saíu traía vinte pesos menos na carteira, pero na sua faciana escintilaba o gaudío de encarnar o Duque de Covafria, persoaxe da próisima novela de Penedo, cúa acción se desenrolaría na vila de Tamarica.

O novelista axiña se fixo popular. Certes que tivo o bô acordo de se ire afeitar á barbeiría de Cibrán Teixido o Vinculeiro, ingresando d'iste xeito no partido culto e acaroándose eisi aos tamaricos da sua categoría social. En canto aos outros, nin se tomou o traballo de falar mal d'iles.

No xuntoiro da rebotica do Licenciado Salgueiro.

deu á coñecer unha coida que foi acollida con éxito: facer unha colleita, e axuntar cartos pra lle erguer un busto ao meirande dos filósofos da raza branca, á don Pedancio Casanova.

El mesmo encetou a lista con cincoenta pesetas, e encarregouse, coa aprobazón de todos, de recoller os cartos axuntados. A intelteitualidade de Tamarica soupo responder á aquil chamamento e abreu a alxi-beira sen regateos.

Galo Penedo seguía asistindo ás reunions do sabio, onde era apreciado por todos. D. Pedancio, dende que lle dixeran o da suscripción, tiña pra él atencións que endexamais tivera pra ninguén. Até chegou á lle prometer un exemplar da sua próisima obra.

A admirazón do novelista car'á Margarida, seguía cada día mais acesa. É a emoción que Margarida sentía cando se atopaba preto do novelista, manifestábase cada día mais craramente. Pol-o maxín da nai, xa esvarara moitas vezgadas a coida de un casamento. A tía coidara xa ir de madriña de un meniño.

Aquela noite, cansos de bailar e de xogar ás prendas, acougaban todos en rolda parolando.

- Qué, traballáse moito? Cómo vai isa novela?

- preguntou D. Pedancio ao escritor.

- Regular, regular! Teño a boa condizón de me non apurar n'istas cousas. Primeiro, ouservar, estudar, fixal-o ambiente; dimpois traballar.

- Pero o argumento, terao xa maxinado.

- Teño, sí. Eso é o primeiro que adoito facer.

- Será unha indiserición pedirlle que nol-o conte?

- Ao contrario. É pra min un honor que lle interese.

- Pois escoitamos entón.

- A acción desenrólase, como saben, en Tamarica. Por eisixencias da trama, lévoa prâ veira do mar, e fâgoa praia de moda.

- Gracias pol-o favor que nos fai - dixo unha das rapazas.

- Eiquí vive o duque de Covafria, nobre millonario, no seu soberbio pazo, cinguido de xardins. Protexido d'il é Rodolfo Arufe, mozo orfo e inxinieiro, que acaba de rematar un invento que fai parar aos automóviles e aeroplanos e voltar á onde estaban. Pol-o vran chega a Tamarica a sobriña do duque, a marquesa de Valfrorido, que é unha rapaza fermosísima.

- Esmerarâse vostede en describil-a, non sí? - demandou outra rapaza.

- Craro. Precisamente pra ela teño a mellor modelo que endexamais puiden arelar.

E dirixiu unha ollada a Margarida, que se avermellou. Todos enxergaron a cousa, pero ninguén dixo ren. O novelista seguiu falando.

- A Tamarica ven, tamén, á tomar baños, un príncipe indio con todo o seu séquito. Certa mañán na praia, abesulla á Marquesiña e namórase d'ela. Fai que lla presenten e dille si quer ser raíña do Estado que pronto herdará do seu pai. Pero ela disprezo orgulosa, e entón él, tolo de paixón, concerta cos seus servidores o xeito de roubala. E unha serán é sorprendida nun paseo lonxano pol-o príncipe e mail-o seu segredario particular, que a collen â forza e meténdoa n'un automóvil, luxen á toda velocidade de Tamarica. Rodolfo Arufe, que tamén estaba namorado d'ela, enlérase axiña, e fai manio-brar o seu invento. E a faciana do príncipe, que sorría retratando satisfaizón pol-o trunfo, tórnase amargurada ao ollar que o automóvil, fica parado e bota á correr pra atrás. Cando a sobriña do Duque

de Covafria saíu do colapso, xa estaba salvada e o príncipe xa tiña enriba do lombo, unhas cantas ducias de paus que lle zorregaran os criados do seu tío. Como é natural a Marquesa e o inxenieiro entendéronse axiña, e non tardaron moito en se casar. Qué lles parece?

- Moi ben, moi ben. Será unha obra de mérito -asegurou D. Pedancio.

- Mesmo parece un argumento de película -dixo unha mocíña roiba de nariz longo, moi afeizoada ao cine.

- Craro que esto non é mais que o esquelete; dimpois ben o traballo do artista a encher hocos.

- A obra responde ao artista -falou D. Robustiano.

- Pero atópome n'un apreto -dixo o novelista.

- E logo?

Xa verán vostedes. Eu teño un outro interés, en que ésta sexa a miña obra mais acabada. Por iso quero facel-as cousas sin apresuramentos e respondendo á total-as eisixenzas da realidade. Cada persoa, cada escea cada descrizón, fareina dimpois de estudala detidamente. Cando por primeira vez presento á Marquesa de Valflorida, áchase disposta pra ir á un baile, arrombada cós seus mellores vestidos e lucindo xoias de gran valor. Quero describir ben estas xoias, e atópome con que non teño exemplares en que inspirarme. Si marcho á Madri, co'iste ouxeto, teño que deixar isto; e isto non-o podó deixar de ningunha maneira.

E ao falar d'este xeito, ollou tenramente pra Margarida. A nai que non perdía verba nin movemento, dixo axiña:

- Por iso non se apure vostede. Eu lle prestarei xoias que lle han servire pr'o caso. Xa verá...

E erguéndose do sillón en que acougaba, saíu do

cabán. Non tardou moito en voltar. Traguía na man un xoiheiro de onde tirou uns pendentés de ouro, un camafeo de acibeche con adornos do mesmo metal, tres anelos con pedras preciosas e un collar de rousadas pérolas, que puxo na man de Galo Penedo.

- Admirabel! - dixo iste sinceramente.

- Ahí as ten, léveas prã casa e que elas o inspiren.

- Gracias señora.

Era xa tarde e a xente coidou que eran horas de se ire deitar. O novelista ergueuse tamén e achegándose a Margarida, díxolle caladiñamente:

- Teño moito que falar con vostede. Quéreme agardar ista noite no balcón?

- Boeno logo - contestou ela ollando pro chan.

Ao lle dar a man a D. Pedancio pra se despedir, pideulle iste que se quedase un instantiño co'il no seu despacho. Decontado acabou a conferencia. O filósofo encarnaría o Duque de Covafría. Aquela encarnación lle non custou mais que vintecinco pesos.

* *
*

A noite estaba tranquiã. A bris morna, arrecendente a fiuncho, abalaba mainamente as acacias en fror, que medraban diante da casa fidalga de D. Pedancio. O luar enchía de craras tonalidades as tebras d'aquela noite de vran. Todo era paz e sereidade.

Pol-as fenestras abertas da sã fu xiron tremantes e malencónicas as notas sentimentaes d'un nocturno de Chopín. As mans de Margarida, albas coma pombas, respondendo aos latexos do seu namorado corazón, facían choral-o piano que soaba coa dozu-

ra d'un vello clavicordio. Cando o derradeiro acorde morreu esvaído no zoar das follas das acacias, er-gueuse i-esculcou na deserta praza, alumiada pol-o luar. Nada se sentía. Nada se abesullaba.

Vollou a acougar rentes do piano, e as suas mans, dimpois de aloumiñar as marelas técolas, pisáronas con ritmo acompasado. As lenes armonías da ro-mântica Serenata de Schubert, envolveitas na serei-dade de aquela noite, semellaban tremazons das cordas do sentimento.

Pasou un bô anaco. Margarida esculcou de novo. A praza seguía silenzosa. Ninguén se enxergaba n'ela. Atendeu deica as tres da mañán. e cansa xa de esperar, foise deitar coas bágoas nos ollos.

VII

Pol-o Zoqueiro sóupose ao outro día que Galo Pene-do saíra no automóvil da mañán, con un frexe n-unha man e con un tol'e-pô côr cirigüela na outra. Ende-xamais se voltou a saber d'íl.

O caso do novelista deu que falar en Tamarica pra moito tempo.

Na barbería de Chinto de Pedralonga, asegurouse que era un timador de oficio, e rieuse á cachón á conta dos estafados; na de Cibrán Teixido, o Vinculeiro, dispreciáronse nun comenzo as faladurías, di-cindo que un novelista madrileño non faría unha ac-ción d'aquela cras, pero pasadol-os meses e conven-cidos os amigos do escritor de que o paxaro voara pra sempre, calaron e fixeron por esquecel-a cousa.

Na casa de D. Pedancio, houbo esceas de traxedia, capaces de arrepiar o cabelo ao home mais valente.

O tempo serviu de meiciña. Foi calmando paseñamente o trebón espiritual que remexera as crases cultas de Tamarica. E as cousas voltaron ao seu ser.

O ilustre filósofo e pensador, escomezouse á sentire mal do figado. Unha doenza da súa mocidade acochada longos anos, viña agora á interrumpir a súa tranqúía eisistenza. Tivo que deixar de traballar; non puido pensar en mais d'unha semán. Tomou meiciñas e meteuse no leito, pero a cousa foi a peor.

E unha mañán de xiada, morreu.

Dimpois de soterrado os seus íntimos amigos dirixíronse á casa fónicamente emocionados. Era tempo xa de dar á coñecer os profundos traballos do sabio de número da Sociedade Intercional de Filósofos e Profundadores. Ian dispostos á esculcar o que don Pedancio tivese escrito.

Cando entraron no despacho, descubríronse respeitosos. Aquelo era un tempo da Cencia

Todo estaba ordeado. Na mesa de traballo acougaban sete ou oito kilos de cuartelas en branco.

Unha soia estaba escrita: «Consustanciación filosófica do pensamento humán». — «Capítulo I». E non decia mais. Os seus íntimos non dixeron á ninguén o que atoparan. As revistas e xornaes, falaban longamente de D. Pedancio Casanova cō gallo da súa morte. O «Boletín da Sociedade Internacional de Filósofos e Profundadores» abreu unha suscripción pralle erguer unha estatua, chegando axiña á xuntar unha chea de cartos. Pero como non acharon proieito de moimento que lles gorentase, a estatua ficou sin erguer. D. Pedancio Casanova, é hoxe un dos valores mais industriados da raza branca.


Xulián M. Magariños Negreira.

Obras publicadas por LAR

- No Desterro, (segunda edición ampliada) por Ramón Cabanillas 2 pesetas
- Da Terra Asoballada, (segunda edición ampliada) por Ramón Cabanillas 2 pesetas
- O Bendito San Amaro, por Ramón Cabanillas e Castelao 2 pesetas
- Na Noite Estrelecida, Sagas por Ramón Cabanillas 3 pesetas
- Cousas, contos e dibuxos por Castelao 4 pesetas
- Os Nenos, contos por Xosé Filgueira Valverde (segunda edición) 1'50 pesetas
- O Corazón d'un Pedáneo, comedia por Leandro Carré 1 peseta
- Síntese Xeográfica de Galicia, por Ramón Otero Pedrayo 3 pesetas
- Hostia, pantasía tráxico histórica por Armando Cotarelo. 1 peseta
- O Mariscal, traxedia histórica en verso por Ramón Cabanillas e A. Villar Ponte 3'50 pesetas

A Imprenta LAR


CONFECCIONA TODA CRÁS DE
TRABALLOS TIPOGRÁFICOS



A NOSA TERRA

IDEARILIM DAS IRMANDADES DA FALA

Suscripción: na Península 6 pesetas, ao ano
América 8 pesetas.



Si vostede é escritor galego edite as
suas obras na

IMPRENTA LAR

REAL, 36 - 1.º

A CRUNA

AUGAS MINERO-MEDICINAES
BICARBONATADO - SÓDICAS
DE
M O N D A R I Z

FONTES DE GÁNDARA E TRONCOSO
AS MAIS ALCALINAS DE HESPAÑA
PROPIEDAD DE DOS
FILLOS DE PEINADOR

Lea vostede o boletín mensual da
Cultura Galega

— **N Ó S** —


que aparece con toda regularidade o
15 de cada mes.

Suscripción a 12 números 6 pesetas
número solto 1 peseta

ADEMINISTRACION E IMPRENTA

Real, 36 1.º — (A Cruña)





LAR
NOVELAS

II

REAL ACADEMIA
GALEGA

337